

Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade pola que se aproba o Plan de Inspección Ambiental 2025-2030.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante resolución da entón Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da extinta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 27 de decembro de 2018, foi aprobado o Plan de inspección ambiental de Galicia 2019-2024. Este plan supuxo un avance con respecto ao plan previo correspondente ao período 2013-2018, ao desenvolver as funcións inspectoras sobre tres ámbitos: as instalacións e actividades sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación a través da autorización ambiental integrada; a inspección de instalacións e actividades alleas ao dito ámbito pero comprendidas no acervo competencial da extinta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como as instalacións de residuos; e o control do traslado de residuos transfronteirizos que afecte ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Ante o inminente fin da vixencia do citado Plan 2019-2024, é preciso darlle continuidade a través dun novo Plan de Inspección Ambiental que, para o período de vixencia comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2030 recolla as liñas estratéxicas e as bases da planificación da Inspección Ambiental de Galicia. O Plan 2025-2030 recolle os seguintes plans específicos: plan de inspección ambiental de instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación, plan de inspección ambiental de traslados de residuos, plan de inspección ambiental de xestores de residuos, plan de inspección ambiental de vertedoiros, plan de inspección ambiental de outras actividades e un plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental.

Como principais novidades do novo Plan destaca a recompilación da experiencia e conclusións derivados do plan anterior 2019-2024, a elaboración de novos plans específicos de inspección con respecto aos plans previos e novos sistemas de indicadores para o seguimento. Adicionalmente cómpre salientar o establecemento dunha avaliación de riscos para establecer periodicidades de inspección aos xestores de residuos.



En atención ás ditas circunstancias, o Servizo de Intervención Ambiental elaborou a proposta do Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2025-2030.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- O artigo 30 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia institúe a inspección ambiental asignándolle, no marco da defensa e protección do medio ambiente de Galicia, a execución do control e vixilancia das actividades e instalacións de calquera tipo que fosen susceptibles de afectarlle negativamente. Desta Lei deriva o Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, que desenvolve o réxime xurídico da Inspección Ambiental en Galicia, recolle no seu artigo 9 o contido mínimo dos plans de inspección.

2º.- O Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, vixente nos termos resultantes do Decreto 49/2024, de 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, atribúe, no artigo 12, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos residuos, de acordo cos principios de desenvolvemento sostible e da economía circular, así como en materia de responsabilidade ambiental e sancionadora que por razón da materia lle corresponda. Ademais, a realización de actividades encamiñadas ao control do cumprimento da normativa ambiental a través do Servizo de Intervención Ambiental.

3º.- A Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación) e trasposta ao ordenamento xurídico estatal a través do Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación e do Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais recollen a obriga de establecer un sistema de inspección ambiental das instalacións que incluírá a análise de toda a gama dos seus efectos ambientais relevantes, debendo asegurarse de que todas as instalacións estean cubertas por un plan de inspección ambiental.





4º.- Por último, o Regulamento (UE) N° 660/2014, do 15 de maio, de modificación do Regulamento (CE) N° 1013/2006 relativo aos traslados de residuos, introduciu a obriga para os Estados Membros de contar con plans de inspección neste ámbito non máis tarde do 1 de xaneiro de 2017. Actualmente, estes regulamentos foron substituídos polo Regulamento (UE) 2024/1157 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de abril de 2024, relativo aos traslados de residuos e que recolle o contido mínimo dos plans de inspección ambiental en materia de control de residuos transfronteirizos.

Polo exposto e á vista da proposta do Servizo de Intervención Ambiental, **RESOLVO:**

Aprobar o Plan de Inspección Ambiental 2025-2030 e dispoñer a publicación desta resolución e do plan na páxina web institucional da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade
(asinado dixitalmente)

María José Echevarría Moreno

